

Manuel José Pérez - Luyp  
Primer Premio

1

PATRIA DO NADAL

Porque és , Nadal, como a patria vexetal e fermosísima  
da miña infancia xeada, nunha aldea perdida.

Así vés camiñando con pés fríos

para instaurar o teu reino de pureza, de misterio  
nas lamas dos meus eidos varados nunha bagoa antiga.

Traes os espellos da ternura íntima, a memoria da dozura,  
Cando as gallas do loureiro benzoaban a mañá nas mans do avó,  
perfumaban os camiños co seu hálito.

Ven, Nadal, coa alma que eu tiña daquela  
cando o mundo era inmenso de bosques, de ríos procelosos  
e o podía persuír só coa vontade,  
coa querencia de fe, co lume da ilusión.

¡Que luzada traías , fronte a fronte, para as miñas pupilas  
/alampadas,

que horizontes dilatados para as mans lamacentas  
sabidoras do valeiro!

Os meus eidos son hoxe rúas de cidade insomne  
que levo polas veas,

xa non ofrecen aquel asombro tremendo,  
aquela néboa mística nas febras da alma.

Ouh, Nadal, achégate co titilar da música,  
ofrécame a distancia na neve,



o leve cántico de paxaro  
alucinado nos sabugos da alba.

Achégate a min Nadal, porque tes a ternura dunha noiva,  
a ollada limpísima dunha fonte segura,  
a entidade dunha casa solitaria e comunal,  
unha certeza de muralla na néboa.

Abreme, Nadal, a porta do camiño eterno das vidas sucesivas,  
ofrécame a música vibrante do amor que fai vivir,  
que nos alonxa para sempre dos laberintos da nada.

CLARIBEL